

HOMENAXE A DOUS PROFESORES COMPROMETIDOS COA DEFENSA DA NATUREZA

Francisco Bermejo Martínez e Fernando González Bernáldez

Ramón Varela Díaz

No pasado mes de xuño falecia en Santiago o profesor Francisco Bermejo Martínez, catedrático Emérito da Universidade de Santiago. Desde estas páxinas ADEGA rinde-lle unha homenaxe pola seu labor e entrega entusiasta na Defensa Ecolóxica de Galiza.

Desde hai anos, D. Francisco Bermejo soubo que a defensa do medio ambiente era imprescindible no noso país e o Departamento que dirixiu durante moitos anos, Química Analítica, foi pioneiro en promover estudos acerca do ambiente.

Se o compromiso en prol da natureza é de moito valor en calisquer persoa, no caso de D. F. Bermejo é aínda máis valorable dado que se desenvolvía nun medio -a Universidade- onde se adoita pensar que a Ciencia non debe ir mesturada coa problemática social e, no caso de face-lo, que vaia da man da oficialidade ou de determinados intereses.

D. Francisco Bermejo, profesor, investigador e autor de centenas de traballos científicos e de divulgación tivo, desde a década dos anos 70 un labor decisivo na concienciación da poboación sobre a problemática das Celulosas. No ano 1974 alertaba e manifestaba-se en múltiples Conferencias contra das seis Celulosas proxectadas para Galicia, da mesma maneira que en 1992 seguía considerando e manifestando publicamente que a realización e instalación de proxectos como Eurogalicia Forestal ou Papelga nunca se deben consentir na Galiza. No Discurso Inaugural lido por el no Curso Académico 1982-83 na Universidade de Compostela co seu tema "O deterioro do Medio Ambiente", quedaba patente a súa fonda preocupación por este tema. Realizou estudos centrados na Ria de Pontevedra, estudou problemas de actualidade como a capa de ozono, a choiva ácida,... e lembremos mesmo a súa clara e decidida postura en

contra da Central nuclear de Xove e a respecto da contaminación de Alúmina-Aluminio, o tema do Casón, etc...

Sen dúbida D. Francisco Bermejo foi non só un gran defensor do medio ambiente senón que foi a voz autorizada, indiscutible, é dicir, a última palabra sobre temas polémicos do medio ambiente. A súa postura crítica non gustaba ao poder pero si tiña do seu lado á poboación afectada por numerosos proxectos irracionais que agradecían que alguén da talla de D. Francisco lles falase claro e lles esclarecera as repercusións que desde as indústrias ou a propia administración se lles ocultaban. Pero sobre todo, tiña do seu lado aos numerosos alumnos, hoxe profesores en moitos centros e a todos os que organizadamente loitamos día a día pola defensa do noso ambiente e do noso país, os que asistimos ás súas amenas, claras e magnificamente expostas e documentadas charlas e conferencias que eran verdadeiras leccións de ecoloxía.

Os ecoloxistas galegos debemos moito a D. Francisco Bermejo e a sociedade, sen dúbida, terá que recoñecer o seu labor.

Finaba en Madrid no mes de xuño, o tamén profesor Fernando González Bernáldez, catedrático de Ecoloxía na Universidade Autónoma de Madrid, un dos científicos máis relevantes do noso tempo. Bernáldez foi un pioneiro no eido da Ecoloxía na Universidade Española, un científico recoñecido internacionalmente, e un universitário comprometido a nivel social coa defensa da natureza. Nun momento en que a maioría dos seus colegas estiveron sempre obsesionados en distanciar-se dos ecoloxistas, Bernáldez comprometeu-se na defensa intransigente do medio ambiente sen importar-lle "o. qué

pensarán".

Entre os múltiples traballos de investigación por el realizados podemos citar un, moi particular para os galegos: "Efecto das plantacións de Eucaliptus no Norte de España", levado a cabo por encargo da CE no ano 1989. Neste traballo que comprende estudos no noso país corroboran-se os efectos e impacto negativos dos monocultivos forestais a base de eucaliptus. Durante a realización deste traballo, e, á vista da situación forestal de zonas como as de A Estrada, Pontevedra, Moaña,... definiu o forestal galego como "un auténtico caos". Curiosamente, o seu traballo científico, realizado nun momento en que o debate estaba aberto na sociedade galega, foi contestado polo poder político interesado en aumentar o monocultivo con esta especie e por un pintoresco catedrático de Edafoloxía da Universidade de Santiago, tan vendido aos intereses das celulosas como que realizou parte do estudo de Impacto Ambiental de Eurogalicia Forestal.

O profesor Bernáldez atopaba tempo nestes últimos anos para achegar-se a Galiza a dar conferencias e charlas onde deixaba moi clara a súa postura de oposición aos monocultivos forestais, xusto diante dos seus defensores e, á vez, denunciaba os atentados paisaxísticos e socio-económicos que se daban na Galiza, produto das irracionais repoboacións en base a piñeiros e eucaliptos potenciaados desde a administración.

Fernando González Bernáldez e Francisco Bermejo Martínez son, sen dúbida, un exemplo a seguir. Puxeron a súa alta cualificación académica á disposición dunha causa: a *defensa intransigente do medio ambiente* e ambos consideraban que todos tiñamos dereito a ser debidamente informados e logo esperar que o sentido común imperara por encima de calisquer outro interés.